

BASES E CALENDARIO DE INSCRICIÓN

CONCILIA SEMANA SANTA 2026

Descrición

Concilia Semana Santa: Servizo de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das familias do concello, cun programa de actividades socioeducativas, deportivas e de tempo libre.

Calendario de actividades

- Marzo: luns 30 e martes 31
- Abril: mércores 01 e luns 07

Horario

Dende as 08:00 ata as 14:00 horas.

Persoas Destinatarias

Nenos e nenas nados entre o 2014 e o 2022, ambos incluídos.

Lugar e prazas

- CEP Brea Segade (Taragoña): 15
- CEIP Ana M^a Diéguez (Asados): 15
- CEIP Castelao (Rianxo): 30

Para a realización do servizo deber haber un grupo mínimo de 08 participantes. O número de prazas por instalación pode variar e/ou adxudicarse a outra instalación no caso de que non se acade ese número mínimo.

Criterios de prioridade

1. Nenos/as empadroados/as ou cos proxenitores/titores legais empadroados no Concello de Rianxo, con necesidades xustificadas de conciliación por parte de ambos proxenitores ou do proxenitor/a que teña a custodia.
2. Nenos/as empadroados/as ou cos proxenitores/titores legais empadroados no Concello de Rianxo.
3. Non empadroados/as en Rianxo, con proxenitores/titores legais que traballen neste termo municipal e presenten necesidade de conciliación, e que se inscriban no campamento completo.
4. Resto de solicitantes.

Entendese por necesidades xustificadas de conciliación que os proxenitores/titores estean en condición acreditada de ocupación laboral, dependencia, atención a persoas dependentes ou participantes no sistema de educación ou formación regrada oficial.

Documentación para a inscrición

- Ficha de inscrición
- Volante de empadramento (ou autorización para a súa comprobación)
- Xustificación das necesidades de conciliación:
 - por traballo dos proxenitores: certificado de empregado público, informe de vida laboral actual, alta na Seguridade Social ou certificado laboral de empresa.

- no caso de divorcio ou separación, copia da custodia.
- participantes no sistema de educación ou formación regradada oficial: copia de matrícula,
- certificado de estudos en vigor ou xustificante de participación emitido polo organismo.
- por atención de persoas dependentes ou dependencia proxenitores: certificado de dependencia.

Calendario inscrición

- **Presentación de solicitudes:** do mércores 11 ao mércores 18 marzo
- **Publicación listaxes provisionais e instalación solicitada:** luns 23 marzo
- **Sorteo**, de ser o caso: martes 24 de marzo, ás 11.00 h.
- **Listaxes definitivas:** mércores 25 de marzo

Presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse do mércores 11 ao mércores 18 marzo (ambos incluídos), no rexistro do Concello de Rianxo, segundo o modelo Solicitud de inscrición no Concilia Semana Santa, e, preferentemente, de forma telemática.

Publicación listaxes de solicitantes e presentación de reclamacións/emenda de documentación

O día luns 23 marzo publicaranse na web do Concello a listaxe das persoas que solicitan praza no Concilia Entroido. Para estes efectos, publicárase o número de rexistro e iniciais dos nomes dos nenos/as participantes.

Adxudicación de prazas

A praza é persoal e intransferible.

A adxudicación pode ser:

1. Por adxudicación directa, se ao remate do prazo de inscrición (mércores 18 marzo) a demanda non supera o número de prazas dispoñibles:

- Primeiro adxudícanse as prazas aos solicitantes en prazo.
- No caso de non cubrirse, as prazas restantes, ata completar as dispoñibles, cubriranse coas solicitudes feitas a partir do mércores 18 marzo, por orde de inscrición en data e hora.
- Unha vez cubertas as prazas totais pasarán a formar parte dunha listaxe de reserva.

2. Por sorteo, empregando medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles. O sorteo celebrarase o martes 24 de marzo, ás 11.00 h.

O sorteo realizarase seguindo os criterios de prioridade e a preferencia de instalación. O sorteo xerará tamén a listaxe de reserva.

As solicitudes dos irmáns poderán vincularse para participar no sorteo de xeito conxunto, cun único número. De non facelo, cada irmán participaría de forma independente co seu propio número.

O mércores 25 de marzo publicaranse na web do Concello de Rianxo as listaxes das persoas admitidas e as de agarda.

Documentación (só no caso de ser necesaria)

A seguinte documentación deberá presentarse unicamente cando sexa requirida, mediante presentación no rexistro do Concello:

- Informe médico.
- Cuestionario médico - Autorización
- Autorización de saída do/a menor pola súa conta: Só poderán saír pola súa conta, no horario establecido, os/as menores de 10 anos ou máis.

Renuncia a praza obtida

No caso de que se obteña praza e finalmente non se vaia facer uso dela, deberá comunicalo por escrito, ben mediante rexistro do concello ou correo electrónico a campamento@concelloderianxo.gal, ata o xoves 26 de marzo.

Adxudicación de prazas ás listaxes de reserva

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, seranlles ofertadas, seguindo a orde da listaxe de reserva, ás persoas suplentes, do mesmo grupo de idade que a praza vacante. Esta adxudicación comunicárase mediante unha chamada telefónica.

Chamarase á persoa interesada un mínimo de tres veces durante o prazo que vai desde o día que se produce a vacante ata as 14:00 h do día seguinte. De non contactar coa persoa interesada, esta pasará ao final da listaxe e chamarase á seguinte.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza, deberán presentar a documentación no prazo de 48 horas. No caso de non presentar a documentación nese prazo, a praza ofreceráselle á seguinte persoa da listaxe de espera.

A xestión da listaxe de reserva farase exclusivamente desde a Oficina de Xuventude.

Comunicación coas familias

Todas as comunicacións do proceso de inscrición realizaranse a través da páxina web: <https://concelloderianxo.gal/>

Non se realizarán avisos individuais, nin por correo electrónico nin por teléfono.

Asemade, habilitarase un teléfono ao que as familias poden dirixirse para deixar avisos, que se fará público no comezo do campamento.

Queixas e suxestións

As persoas participantes poderán presentar por escrito todas as suxestións ou reclamacións que consideren oportunas durante o desenvolvemento do Concilia Semana Santa ou no momento do seu remate.

Igualmente, poderán deixar constancia do grao de satisfacción obtido coa actividade desenvolvida e todos os comentarios ou suxestións que queiran facer ao respecto.

Imaxes

A participación nesta actividade poderá comportar a captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, "imaxes") da persoa participante na actividade, e a súa publicación a través dos medios de difusión corporativos das iniciativas e actividades do Concello de Rianxo, tales como páxinas web, redes sociais, álbums, informes/documentos

derivados da actividade e noutros medios de comunicación social. Debe autorizar ou rexeitar a devandita captación e publicación de imaxes, que se entenderá feita a título gratuito e sen límite temporal, no formulario de inscrición.

Protección de datos

Os datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro electrónico propiedade do Concello de Rianxo coa única finalidade de proceder á inscrición na actividade para a que se proporcionan os datos.

Serán unicamente cedidos á empresa adxudicataria os datos identificativos e de contacto dos participantes, así como aqueles datos de saúde ou observacións necesarios para o bo desenvolvemento da actividade.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Rianxo, Praza Castelao, 1, 15920 Rianxo, correo electrónico dpd@concelloderianxo.gal, ou mediante o procedemento habilitado para o efecto da Sede Electrónica: sede.concelloderianxo.gal. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación perante a autoridade de control en www.aepd.es. Datos de contacto do delegado de protección de datos: Ramón Santos Pérez, dpd@concelloderianxo.gal